

## *Dereito Parlamentario de Galicia*

**Xosé A. Sarmiento Méndez**

Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2001

Como ben se sinala na presentación da obra por parte do presidente do Parlamento de Galicia, estamos ante un tratado que debe ser celebrado no eido da ciencia xurídica galega, pois achega evidentes novidades e reflexións críticas acerca do lexislativo autonómico.

Parte da innovación reside sen dúbida, no enfoque sincrético e non exclusivamente positivista que o autor asume. Así dende o primeiro dos capítulos do manual deféndese unha posición respecto das fontes do ordenamento parlamentario que inclúe e subliña a relevancia das situadas «extra regulamento», nunha liña polo demais que entronca coa mellor e máis antiga tradición do parlamentarismo.

A posta en valor do costume e a xurisprudencia intraparlamentaria non obsta para que o profesor Sarmiento Méndez adopte na súa exposición unha defensa militante na aplicación dos principios constitucionais e estatutarios ó ordenamento parlamentario galego. Deste xeito son continuas as súas referencias ás principais decisións do Tribunal Constitucional nesta materia e ademais as achegas críticas que fai «lege ferenda», descansan fundamentalmente nas consecuencias parlamentarias da doutrina constitucional de desenvolvemento do artigo 23 da nosa Carta magna.

A súa xa longa experiencia como letrado da Cámara fundamenta a abordaxe de materias que non foran tocadas previamente pola nosa doutrina, tales como a sesión constitutiva do Parlamento (que estudia conxuntamente coa realidade do bilingüismo no Parlamento) e a disciplina parlamentaria (respecto da que se interna tanto nos aspectos substantivos coma nos procedementais). Paralelamente pro-

cede a un estudio sistemático do Estatuto persoal dos deputados, dende a perspectiva de decisións xurisprudenciais (a partir de sentencias coma a inicial do TC 5/1983 do 4 de febreiro), que interpretaron o dereito a acceder ós cargos públicos como comprensivo do dereito a permanecer neles, coas importantes consecuencias prácticas que disto se derivan. Estas reflexións abarcan os aspectos electorais previos á adquisición da condición de deputado e o contido dos dereitos e obrigas unha vez que o parlamentario acada a condición plena de tal.

O enfoque eminentemente didáctico da obra non empece para que se poña de manifesto, cun minucioso aparato crítico, o papel destacado que dende a doutrina constitucionalista europea se lles atribúe os principais suxeitos do xogo parlamentario: os grupos parlamentarios e o Executivo. Así nas páxinas 61 e seguintes faise unha esexese pormenorizada do papel desenvolvido polos grupos parlamentarios. Nestas liñas é posible percibi-la reivindicación activa que da función esencial dos grupos é demandada polo autor, ó tempo que reconece a posición condicionada do deputado individual no parlamentarismo contemporáneo. Con este motivo trata problemas tan actuais coma o transfuguismo político e a constitución e extinción dos grupos parlamentarios, pendente esta última dunha inminente decisión do Tribunal Constitucional que resolverá moitas dúbidas ata agora sen resolver (requisitos de constitución dos grupos ó comezo desta lexislatura no Congreso dos Deputados).

Por outra banda o profesor da Universidade de Vigo pormenorízanos as dúas vertentes fundamentais polas que o dereito parlamentario lle atribúe relevancia ó Goberno: a primeira delas de grande actualidade pola recente tramitación dunha moción de censura no Parlamento autonómico, como depositario da confianza parlamentaria (procedementos de investidura, confianza e censura), e a segunda, como obxecto do control político por parte da Cámara. Esta faceta do control parlamentario é unhas das liñas fundamentais de investigación do autor, e todos aqueles que temos asistido a algún dos numerosos cursos que impartiu sobre a materia en diversos foros, tivemos ocasión de comprobalo seguimento detido da cuestión que ten feito. Así son esmiuzados temas tan polémicos no dereito galego coma a comparecencia do presidente da Xunta ante o Pleno da Cámara e o «question time» no Parlamento de Galicia.

A parte central do libro detense na análise dos aspectos máis concretamente procedementais do dereito parlamentario: deliberacións e acordos parlamentarios e a orde parlamentaria. Nestas cuestións é onde a presenza dos costumes e precedentes parlamentarios se fai máis patente, e polo tanto as achegas feitas no tratado máis encomiables, xa que ata este momento non existía unha fonte de coñecemento escrita delas. A experiencia de Sarmiento Méndez como letrado da Comisión do Estatuto do Deputado nestas últimas lexislaturas permítelle apuntar novas dimensións da orde parlamentaria non só limitada ó ámbito dos debates, senón tamén tendo presente a globalidade das obrigas dos parlamentarios recollidas no Regulamento e na Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia. Trátase, por outra banda, de aspectos de xeral interese para todos aque-

les que teñen que enfrontarse nalgún momento cos problemas que suscita o funcionamento de asembleas ou órganos colexiados, sen descoñece-las especificidades singulares que presentan os órganos parlamentarios.

A función lexislativa recibe un tratamento singularizado nesta obra. Por unha banda, e afondando en estudos xa publicados polo autor (*Revista de las Cortes Generales* nº 29 de 1993 e nº 43 de 1998), documéntase rigorosamente todo o referido á tramitación parlamentaria das leis, e os efectos que esta ten sobre a produción lexislativa autonómica. Ademais a función de asesoramento técnico-xurídico, levada a cabo en máis de corenta leis autonómicas ó longo de doce anos, leva a Sarmiento Méndez a ser moi crítico coa técnica lexislativa autonómica, incitando a importantes melloras no trámite de elaboración das leis (antecedentes inexistentes nos proxectos de lei, importancia dos «hearings» no procedemento lexislativo...).

Un feito especial merece o estudio das leis orzamentarias autonómicas, xa que como é ben sabido, as limitacións competenciais ás que están sometidas e as peculiaridades procedementais ás que as somete o regulamento convérteas en textos nidiamente diferenciados das restantes leis galegas. Neste punto o dereito parlamentario galego recolle o mellor da doutrina española (Cazorla Prieto) para rexeita-la técnica lexislativa consistente no abuso de contido nas leis orzamentarias e a recente fraude de lei operada a través do mecanismo das leis de acompañamento dos orzamentos.

O capítulo XVII de dereito parlamentario de Galicia trata dunha faceta do lexislativo autonómico que non fora atendida ata agora con detemento pola doutrina. Baixo a denominación de funcións non tradicionais do Parlamento débúllanse un conxunto heteroxéneo de aspectos que o profesor Sarmiento Méndez xa ten tomado en conta en diversas xornadas científicas que organizou como directivo da Asociación Española de Parlamentos en España e no estranxeiro. Así a problemática dos estados compostos e a articulación dos parlamentos territoriais (Seminario co Goberno de Quebec e o Parlamento canadense) ou os instrumentos externos de control (Congreso internacional en colaboración coa Universidade de Siena na Toscana). Todas estas achegas do dereito comparado teñen o seu reflexo no manual, e por iso entendo que merecen unha valoración singularmente positiva.

A parte final do tratado contén unha edición actualizada do Regulamento da Cámara e dos acordos interpretativos deste feitos pola Mesa do Parlamento. Este material é do maior interese tendo en conta os destinatarios naturais del: deputados, asesores dos grupos parlamentarios e gobernamentais, estudiosos do dereito constitucional e autonómico e membros da comunidade universitaria. Todos eles agradecerán o novo instrumento que chega ás súas mans pola súa orixinalidade e a valiosa información nel contida.

**Miriam Martínez García**

*Profesora de dereito constitucional  
Universidade de Vigo*



## NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañárase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolléranse ó final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situáranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

### *Libros:*

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

### *Artigos:*

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

**Revista Galega de Administración Pública**

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4  
15707 Santiago de Compostela.  
Galicia. España.